

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 17/04/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO
LINO MOURIÑO SANTIAGO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 17/04/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10-abr-2023, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MARIA BERMÚDEZ OUTÓN

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/1369

Dáse conta de solicitude de Xuventudes Socialistas de Vilagarcía, para ocupación de vía pública no Parque Miguel Hernández o día 14 de abril de 2023, en horario de 19:00 a 21.00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1370

Dáse conta do escrito presentado por Don Francisco Cuadarado García solicitando autorización para instalación dunha carpa e unha mesa informativa do Grupo Político VOX na Praza da Liberdade o día 15 de abril de 2023, en horario de 11:30 a 14:00 horas. Comunícase que o Art. 53 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, restrinxen a realización de actos publicitarios ou de propaganda electoral ao período de campaña electoral.

Asemade comunicase que durante a campaña electoral, as ocupacións de vías deberán ser solicitadas ante a Xunta Electoral de Zona, autorizándose nos lugares sinalados para actos de campaña.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

PRP2023/1392

Dáse conta do escrito presentado por D. Fernando Cortines Gonzalez de Riancho, comunicando pago de costas por importe de 484,00€ procedemento abreviado 84/2022. A Xunta de Goberno Local queda sabedora do pago realizado xa con data 07-09-2022.

PRP2023/1395

Dáse conta do escrito presentado por Don Juan Manuel Fajardo Recouso solicitando o informe no que xustificase o traballo do departamento de xardíns nunha empresa privada, utilizando material e recurso humanos públicos en xornada laboral. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o Sr. Fajardo Recouso o informe da Encargada do Departamento de Parques e Xardíns.

PRP2023/1396

Dáse conta do escrito presentado pola Axencia para a modernización tecnoloxía de Galicia en relación á solicitude de instalación de fibra óptica na rúa Coruxo-Cornazo.

Comunicando que o Goberno central conta co Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (programa UNICO) con data de execución data 2024. Na rúa Coruxo-Cornazo exsiten zonas beneficiadas por unha subvención concedida ao operador Telefócia para o despregamento de fibra óptica no prazo 2021-2023, no marco do programa UNICO do Goberno de España.

Dende a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia non dispoñen da planificación exacta dos despregamentos subvencionados polo Goberno de España, polo que instan ao concello de Vilagarcía, a que se poñan en contacto co a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar información ao respecto á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas dixitais.

PRP2023/1412

Dáse conta do escrito presentado por D. Fernando Cortines González de Riancho achegando Decreto do Xulgado do Contencioso nº 3 de Pontevedra de aprobación de taxación de costas por importe de 484 € en relación co Procedemento Abreviado 86/2021 - Expediente Susana Serantes Alvarez.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda ao aboamento das costas citadas.

Dar conta á Intervención Municipal.

BENESTAR SOCIAL**BENESTAR SOCIAL****EMPREGO****PRP2023/1322**

Dáse conta do recurso de reposición formulado por A. D. ALQUILERES E INVERSIONES 2022 SL, NIF: B10572097 fronte á resolución de concesión de axuda por contía de 161,78 Euros, dentro do Programa de Axudas a Creación de Empresas 2022.

Dáse conta do informe da Área de Promoción Económica no que se indica:

PRIMEIRO. Que en sesión de XGL de data 19 de decembro de 2022, sobre a base do informe do servizo e da proposta formulada pola Concelleira de Promoción Económica aprobouse a concesión de Axuda á recorrente por contía de 161,78 €.

A efectos do cálculo aplicouse o disposto na BASE SEGUNDA. Apartado F) Letra 6, relativa aos gastos subvencionables: F.6. Asesoría (só cotas mensuais), polo que en concepto de gastos de asesoría, só lle foron computados os correspondentes ás cotas mensuais devengadas e acreditadas.

SEGUNDO. Fronte a dito acordo, A. D. ALQUILERES E INVERSIONES 2022 SL, NIF: B10572097, formula RECURSO DE REPOSICIÓN, alegando o seguinte:

As facturas de gastos que se presentaron xunto coa solicitude corresponden todas elas a facturas emitidas por Afyt asesores sl, en concepto de:

- Factura nº 5523 emitida o 04/07/2022 por importe de 1000 euros + IVE, corresponde aos gastos de notaría e Rexistro Mercantil ocasionados pola formalización da escritura de constitución da sociedade e os 578.14 euros restantes, aos servizos da asesoría cobrados pola xestión de constitución da sociedade, por tanto, podemos dicir que todos os importes reflectidos nesta factura corresponden a honorarios de constitución e como tales deben terse en conta para o cálculo do importe da subvención.

- Factura nº 6434 emitida o 04/08/2022 por importe de 190.64 euros + IVE corresponde aos servizos prestados (cota mensual) durante o primeiro mes de actividade pola asesoría.

A efectos de acreditar o extremo alegado, aportan xunto co escrito de recurso, factura xustificativa dos suplidos aboados ao Rexistro Mercantil así como á notaría de Vilagarcía, Marina González Martínez.

TERCEIRO. Tendo en conta a alegación formulada e a documentación acreditativa que se aporta co recurso, en aplicación da Base SEGUNDA. A) A.3 e A.5. que considera gastos subvencionables os derivados da alta no Rexistro Mercantil e os honorarios de notaría por escrituras públicas, procede estimar o recurso formulado, adoptando novo acordo no que se recoñeza a obriga de pago en favor da solicitante/recorrente por contía de 433,54 € correspondente á diferenza entre a contía inicialmente concedida en concepto de axuda e a que efectivamente lle corresponde, con cargo á aplicación orzamentaria 241-470. Á vista edo anterior, a Xunta de Goberno Local acorda estimar o recurso de reposición presentado e o recoñecemento de obriga a favor de ALQUILERES E INVERSIONES 2022 SL, por importe de 433,54 € correspondente á diferenza entre a contía inicialmente concedida en concepto de axuda e a que efectivamente lle corresponde, con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2023/1398

Dáse conta do escrito presentado por Dona Claudia Viviana Corredor Muñoz, solicitando autorización para colocar un posto de venda ambulante de froita de tempada, con vehículo, polo periodo de mediados de maio ata finais de xullo de 2023 no mirador de Carril, ao final da Rúa Valentín Viqueira.

Dáse conta de informe do Servizo de Mercados, no que indica que esta modalidade de venda ven contemplada no Art. 3 c) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante.

Así emos o artigo 7 establece:

ART. 7. Postos e vehículos de venda ambulante

1. A venda ambulante realizarase en vehículos ou postos facilmente desmontables e con carácter

estacional, para a venda de produtos propios de tempada (castañas, froita, churros...), ou ocasional, nos casos que así o acorde e autorice a Xunta de Goberno Local.

2. As instalacións que se utilicen polo/a titular da autorización, deberán reunir as condicións necesarias para que sirvan de soporte dos artigos que se expenden, debendo reunir as debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. En ningún caso, estas instalacións sobrepasarán a superficie fixada para o posto autorizado.

4.- As instalacións e/ou vehículos dedicados á venda de produtos alimenticios cumprirán os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario, e as que esixa o organismo titular da estrada na que se sitúen.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Dona Claudia Vivina Corredor Muñoz para a instalación do posto, debendo poñerse en contacto previamente coa Policía Local para a situación exacta do mesmo, axustarse ás condicións fixadas e debendo estar en posesión de toda a documentación para exercer dita venda, así como proceder ao pago das taxas correspondente.

Así mesmo deberase cumprir as seguintes condicións

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2023/1399

Dáse conta do escrito presentado por Dona Claudia Viviana Corredor Muñoz, solicitando autorización para colocar un posto de venda ambulante de froita de tempada, con vehículo, polo período de mediados de maio ata finais de xullo de 2023 na Rúa Fontecarmoa (Rotonda), igual que o ano anterior.

Dáse conta de informe do Servizo de Mercados, no que indica que esta modalidade de venda ven contemplada no Art. 3 c) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante.

Así emos o artigo 7 establece:

ART. 7. Postos e vehículos de venda ambulante

1. A venda ambulante realizarase en vehículos ou postos facilmente desmontables e con carácter estacional, para a venda de produtos propios de tempada (castañas, froita, churros...), ou ocasional, nos casos que así o acorde e autorice a Xunta de Goberno Local.

2. As instalacións que se utilicen polo/a titular da autorización, deberán reunir as condicións necesarias para que sirvan de soporte dos artigos que se expenden, debendo reunir as debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. En ningún caso, estas instalacións sobrepasarán a superficie fixada para o posto autorizado.

4.- As instalacións e/ou vehículos dedicados á venda de produtos alimenticios cumprirán os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario, e as que esixa o organismo titular da estrada na que se sitúen.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Dona Claudia Vivina Corredor Muñoz para a

instalación do posto, debendo poñerse en contacto previamente coa Policía Local para a situación exacta do mesmo, axustarse ás condicións fixadas e debendo estar en posesión de toda a documentación para exercer dita venda, así como proceder ao pago das taxas correspondente.

Así mesmo deberase cumprir as seguintes condicións

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

SANIDADE

PRP2023/1320

Con data 20 de febreiro de 2023, D^a. Ana Patricia Vázquez Míguez, solicita o cambio de titularidade das Unidades de Enterramento número V2116, V2117, V3920 e V3921, sitas todas elas no Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, cos seguintes datos relativos a súa adxudicación:

Num UE	Data Adxudicación	Titular	Cemiterio
V2116	26/07/1984	D. Indalecio Míguez Bouzas	Vilagarcía de Arousa
V2117	26/07/1984	D. José María Varela Faílde	
V3920	10/01/2000	D. Calixto Juan Vázquez García	
V3921	10/01/2000	D. Calixto Juan Vázquez García	

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, e unha vez comprobada a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local o cambio de titularidade das citadas Unidades de Enterramento dacordo coa seguinte táboa:

Num UE	Titular	Cemiterio
V2116	D ^a . M ^a . Antonia Míguez Vázquez 50% D ^a . M ^a . Mercedes Míguez Vázquez 50%	Vilagarcía de Arousa
V2117	D ^a . M ^a . Antonia Míguez Vázquez 50% D ^a . M ^a . Mercedes Míguez Vázquez 50%	
V3920	D ^a . M ^a . Mercedes Míguez Vázquez 50% D. Salvador Vázquez Galbán 50%	
V3921	D ^a . Ana Patricia Vázquez Míguez 50% D. Alberto Calixto Vázquez Míguez 50%	

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2023/1381

O Concello de Vilagarcía ten na dirección <https://visitvilagarcia.com/> a exposición de todos os seus atractivos turísticos e da información precisa para calquera decida achegarse á nosa cidade

para visitala.

O club Kenpo Vilagarcía, con NIF G36576353, e domicilio na rúa Avenida da Mariña, nº 26, 3º A en Vilagarcía de Arousa, vai participar, con un grupo de 10 deportistas, no Campionato do Mundo de Kenpo 2023 que se desenvolverá do 25 ao 30 de abril en Caldas de Rainha, en Portugal.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda asinar, co Club Kenpo Vilagarcía, un contrato de publicidade, por importe de 2.0000 € (IVE engadido), con cargo á partida 926.22641, que ten como contraprestación a Inclusión da publicidade institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa na indumentaria e/ou no material deportivo dos 10 deportistas que acudirán a ese campionato do mundo.

Acórdase así mesmo aceptar que a factura do devandito gasto pode ser presentada polo adestrador, D. José Mario Hermo Alonso, por ser quen ten a licenza fiscal correspondente.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2023/1382

Vista a reclamación formulada o día 27/07/2021, pola EMPRESA PEREIRA, S.L. , na que reclama que o vehículo da súa propiedade con matrícula 7054HPV, cando circulaba pola Avda. Rosalía de Castro, sofre danos na luna lateral esquerda, como consecuencia das labores de desbroce realizadas por operarios municipais.

Tendo en conta os informes que obran no expediente.

Tendo en conta que ante o Xulgado Contencioso Administrativo n.º 1 de Pontevedra, se formulou por parte dos reclamantes, recurso que deu orixe ao Procedemento Abreviado 263/ 2022, cuia vista esta previsto celebrar o próximo día 25/04/2023, e que a empresa reclamante aportou facturas de reparación de danos por un importe total de 567,51€.

A Xunta de Goberno Local acorda:

-Estimar a devandita reclamación, e en consecuencia aboar a cuantía de 567,51 €, con cargo á partida 929-22699, á EMPRESA PEREIRA, S.L., na conta bancaria que estableza a mesma, polos danos causados no vehículo da súa propiedade matrícula 7054HPV.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/1347

Visto o informe dos Servizos Sociais e a proposta da Área das Persoas Maiores, acórdase concederlle a expedición/renovación da tarxeta de bono-bus municipal de pensionistas para o ano 2023 á seguinte persoa solicitante, por cumprir os requisitos establecidos na convocatoria.

- DONA MATILDE GARCÍA REY.

PRP2023/1362

Vista a proposta da Área de Igualdade e de conformidade coa acta do xurado encargado de seleccionar e valorar as fotografías presentadas no Maratón Fotográfico celebrado con motivo do Día Internacional da Muller 2023, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigaación a favor dos/as premiados/as, polo importe total de 600,00 € (200,00 €/cada un), con cargo á partida 2312.48100, coa seguinte desagregación:

- Andrea Fernández Maneiro: Tema Barreiras Invisibles "A primeira igualdade é a equidade".
- Marcos Escudeiro Vieites: Tema Novas masculinidades "Non me contamines".

- María Martínez Redondo: Tema A feminización da pobreza "Pensión de subsistencia".

PRP2023/1388

Seguindo a liña de traballo iniciada coa campaña contra o machismo nas redes sociais que estamos desenvolvendo , propoñémonos continuar coa intervención na poboación adolescente, ao ser dende a nosa experiencia un colectivo especialmente vulnerable, avalado ademais polos datos do Observatorio nacional de Tecnoloxía e Sociedade, que di que mais dun 25% das mulleres entre 16 e 25 anos recibiron insinuacións non apropiadas a través das redes. Esta intervención consta dos seguintes obradoiros:

Realización dun Programa de obradoiros no derradeiro curso da educación primaria e na secundaria obrigatoria que axuden a identificar, protexerse e combater o machismo nas redes sociais.

Para o último ciclo da primaria e secundaria propoñemos a realización do obradoiro Hackeando o machismo, que ten como finalidade a observación e a reflexión dende unha perspectiva feminista, do seu propio uso das redes sociais. Deste xeito se pretende avanzar na prevención da violencia de xénero propoñendo outros modelos de relación máis igualitarios e identificando as condutas machistas e violentas tanto activas como pasivas.

Co profesorado o realizarase o obradoiro de 6h de duración lgualdade nos tempos de tik -tok no que tamén se traballará sobre un uso crítico das redes sociais, reflexionando sobre os mandatos da masculinidade e da feminidade co obxecto de previr a violencia de xénero nas redes.

Por último coas familias celebraremos unha charla formativa Bo trato tamén nas redes sociais de 90 minutos de duración.

Mediante Resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2022 foron transferidos os fondos asignados aos Concellos. A resolución de transferencias, publicada o 02 de agosto de 2022 , recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 25002,84€ ?. O Concello, pola súa parte, tiña un remanente compensable no 2022 de 4,35 euros, polo que a cantidade a ingresar sería de 24998,49. Desta resolución e do remanente deuse conta á XGL de data 22 de agosto de 2022, onde se aprobou o ingreso de 24998,49 euros máis o remanente de 4,35 euros.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2023. A prevención da violencia machista constitúe unha liña transversal e prioritaria para a Área de Igualdade-CIM, que se materializa en diferentes intervencións orientadas a traballar, dende idades cada vez máis temperás, a igualdade entre homes e mulleres como estratexia de prevención e de promoción dunha sociedade máis xusta e equitativa e complementar a labor desenvolvida polo persoal docente nas aulas.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dun total de 35 obradoiros de 100 minutos de duración cada un, no conxunto dos centros educativos da vila. Ademais realizaremos un obradoiro on line para profesorado cun total de 6 horas de duración e por ultimo unha charla para familias de 1,30h, a través das ampas, de conformidade co orzamento presentado por Dona Priscila T. Retamozo Ramos, por un importe total de 7.130,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2312.22610.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1389

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Secretaría Xeral da Igualdade por importe de 45.000,00€, facendo constar:

Primeiro: Que no 2022, para o mantemento do CIM se lle deu a este Concello unha subvención da Secretaría Xeral da Igualdade po importe de 45.000,00€

Segundo: Que se cumpriu coa finalidade da subvención.

Terceiro: Que se realizaron os gastos que se relacionan nesta conta xustificativa:

ANUALIDADE 2022					
JULIA BARBOSA SÁNCHEZ - DIRECCIÓN CIM	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións sociais (empresa)	Data pagamento	Total período 1
abr-22	3182,72	28/04/2022	1146,67	31/05/2022	4329,39
may-22	3182,72	27/05/2022	1146,67	30/06/2022	4329,39
jun-22	5997,23	29/06/2022	1146,67	29/07/2022	7143,90
jul-22	3230,39	29/07/2022	1163,17	31/08/2022	4393,56
ago-22	3230,39	30/08/2022	1163,17	30/09/2022	4393,56
sep-22	3230,39	28/09/2022	1163,17	31/10/2022	4393,56
oct-22	3230,39	27/10/2022	1163,17	30/11/2022	4393,56
nov-22	4007,00	28/11/2022	1262,48	30/12/2022	5269,48
TOTAIS	29291,23		9355,17		38646,4

JOSÉ MANUEL VALDIVIA MORENO - PSICÓLOGO	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións sociais (empresa)	Data pagamento	Total período 1
abr-22	1196,81	28/04/2022	432,25	31/05/2022	1629,06
may-22	1196,81	27/05/2022	432,25	30/06/2022	1629,06
jun-22	2275,51	29/06/2022	432,25	29/07/2022	2707,76
jul-22	1196,81	29/07/2022	432,25	31/08/2022	1629,06
ago-22	1196,81	30/08/2022	432,25	30/09/2022	1629,06
sep-22	1196,81	28/09/2022	432,25	31/10/2022	1629,06
oct-22	1196,81	27/10/2022	432,25	30/11/2022	1629,06
nov-22	1450,32	28/11/2022	455,85	30/12/2022	1906,17
TOTAIS	10906,69		3481,6		14388,29

ADRIANA BELOSO RODRÍGUEZ - AXENTE IGUALDADE	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións sociais (empresa)	Data pagamento	Total período 1
abr-22	2944,37	28/04/2022	1064,09	31/05/2022	4008,46
may-22	2944,37	27/05/2022	1064,09	30/06/2022	4008,46
jun-22	5611,73	29/06/2022	1064,11	29/07/2022	6675,84
jul-22	2944,37	29/07/2022	1064,10	31/08/2022	4008,47
ago-22	2944,37	30/08/2022	1064,11	30/09/2022	4008,48

sep-22	2944,37	28/09/2022	1064,13	31/10/2022	4008,50
oct-22	2944,37	27/10/2022	1064,13	30/11/2022	4008,50
nov-22	3570,00	28/11/2022	1122,87	30/12/2022	4692,87
TOTAIS	26847,95		8571,63		35419,58

ANUALIDADE 2023

JULIA BARBOSA SÁNCHEZ - DIRECCIÓN CIM	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións sociais (empresa)	Data pagamento	Total período 2
dic-22	6649,77	21/12/2022	1262,48	31/01/2023	7912,25
ene-23	3582,16	26/01/2023	1314,64	28/02/2023	4896,80
feb-23	3582,16	24/02/2023	1314,64	31/03/2023	4896,80
mar-23	3582,16	28/03/2023	1314,64		4896,80
TOTAIS	17396,25		5206,4		22602,65

JOSÉ MANUEL VALDIVIA MORENO - PSICÓLOGO	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións sociais (empresa)	Data pagamento	Total período 2
dic-22	2418,05	21/12/2022	455,85	31/01/2023	2873,90
ene-23	1289,93	26/01/2023	474,68	28/02/2023	1764,61
feb-23	1289,93	24/02/2023	474,68	31/03/2023	1764,61
mar-23	1289,93	28/03/2023	474,68		1764,61
TOTAIS	6287,84		1879,89		8167,73

ADRIANA BELOSO RODRÍGUEZ - AXENTE IGUALDADE	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións sociais (empresa)	Data pagamento	Total período 2
dic-22	5966,93	21/12/2022	1122,87	31/01/2023	7089,80
ene-23	3175,27	26/01/2023	1169,26	28/02/2023	4344,53
feb-23	3175,27	24/02/2023	1169,26	31/03/2023	4344,53
mar-23	3175,27	28/03/2023	1169,26		4344,53
TOTAIS	15492,74		4630,65		20123,39

- Que asemade se realizaron os gastos de contratación externa dunha avogada, para realizar as funcións de asesoría xurídica, que de seguido se detallan:

CONTRATACIÓN EXTERNA

posto/nome	Nº factura	Importe	Data emisión	Data pago/ recoñ. obriga
Ase.Xuríd./ María Pérez Padrón				
abr-22	07/22	1041,81	30/04/22	08/06/22
may-22	08/22	1041,81	31/05/22	19/07/22
jun-22	09/22	1041,81	30/06/22	19/07/22
jul-22	11/22	1041,81	31/07/22	26/08/22
ago-22	12/22	1041,81	31/08/22	05/10/22
sep-22	13/22	1041,81	30/09/22	02/11/22
oct-22	14/22	1041,81	31/10/22	23/11/22

nov-22	15/22	1041,81	30/11/22	20/12/22
dic-22	16/22	1041,81	29/12/22	22/02/23
ene-23	01/23	1041,81	31/01/23	22/02/23
feb-23	03/23	1041,81	28/02/23	16/03/23
mar-23	04/23	1041,81	31/03/23	17/04/23

PRP2023/1417

Vista a proposta da Area das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona María Calvo Casanova (Viaxes Carballo Galicia), para un servizo de aluguer dun autobús e dun/ha guía-acompañante para a realización dunha excursión a León do 2 ao 6 de maio de 2023 (5 días/4 noites), por un importe total de 4.040,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22610.

Acórdase así mesmo aprobar os requisitos que deberán cumprir os viaxeiros, así como o prazo de inscrición, do 19 ao 27 de abril de 2023.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2023/1383

Vista a solicitude de Dona Alejandra Fuentes Rodríguez, en representación da Comunidade de Propietarios Alejandro Cerecedo nº 8, portal 2, acórdase autorizarlle a Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 24 de abril de 2023, en horario de 19:00 a 22:00 horas, para a celebración unha reunión da Comunidade de Propietarios Alejandro Cerecedo nº 8-portal 2, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo da sala solicitada.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debера previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias do Auditorio: 3 horas x 15,25 €/hora: 45,75 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2023/1379

Dáse conta de proposta das Concellerías de Cultura e Xuventude para a aprobación de gasto de diversas actuacións dentro do Programa denominado Agora Vermú, que consiste en un ciclo de concertos, este ano serán 4 actuacións musicais, en horario matutino no mes de maio os días 7, 14, 21 e 28 (domingo) e que serán de balde para todo o público:

Este ciclo de concertos ten como obxectivo:

-dinamizar e promocionar a actividade lúdica e festiva

- Favorecer a conciliación e o desfrute en familia do tempo libre
- Fomentar a creación e a composición musical
- Fomentar a participación cidadá, realizando actividades para novos e maiores, unha mestura de xeracións, xeografías e inquedanzas, baixo o interese común dos produtos musicais galegos.
- Axudar a dinamización e promoción turística
- Fomentar a creación e a composición musical
- Apoiar a hostalería local

Este ciclo de ÁGORA VERMÚ desenvólvese en distintas rúas como obxectivo de descentralizar e fomentar a actividade cultural en distintos lugares de Vilagarcía e que a continuación se detallan:

*Actuación día 07-05-2023: O Piñeiriño

*Actuación día 14-05-2023: O Carril

*Actuación día 21-05-2023: Rúa Arcebispo Lago

*Actuación día 28-05-2023: Avda. da Mariña

Unha das actuacións previstas neste ciclo de concertos ÁGORA VERMÚ, será a cargo da Banda de Música de Vilagarcía. Dita actuación non se presenta orzamento dado que está se inclúe dentro do Convenio previsto entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Padroado da Banda de Música de Vilagarcía para este ano 2023

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por un importe total de 8.915,28€, coa seguinte desagregación:

Día	LUGAR	PROVEEDOR	C.I.F.	CONCEPTO	B.I.	I.V.A. 21%	I.R.P.F.	IMPORTE LÍQUIDO	PARTIDA
07-05	O PIÑEIRIÑO	CULTURACTIVA S.COOP.GALEGA	F15983067	Actuación GALIFUNK BRASS	1.500,00€	315,00€		1.815,00	2314.22610
14-05	O CARRIL	MARCOS AURELIO TELLERÍA COUSO	33230955A	Actuación LOU REYES CON LOS ROCKIN' CORSARIOS	1.000,00€	210,00€	150,00€ (15%)	1.060,00€	334.22609
21-05	RÚA ARCEBISPO LAGO	ASOCIACIÓN PADROADO DA BANDA DE MÚSICA DE VILAGARCÍA		Actuación Banda de Música de Vilagarcía	CONVENIO de 2023				CONVENIO
28-05	AVDA. DA MARIÑA	CONTRAPRODUCCIÓN S.L.	B70217366	Actuación LONTREIRA	2.000,00€	420,00€		2.420,00€	334.22609

Acórdase así mesmo aprobar o orzamento presentado por D.-DIEGO BASADRE BARREIRO, con D.N.I. 78791916B para a produción para ditas actuacións, por un importe total de 3.470,28€ (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609

Os gastos correspondentes a SGAE (Sociedad General de Autores e Editores) será asumido polo concello.

*Achégase os presupostos remitidos polas distintas produtoras e orzamento da empresa externas en concepto de produción técnica.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1437

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura:

PRIMEIRO: As subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño

A Resolución do 1 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño,

cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, (DOG nº 52 do 15 de marzo de 2023) regulan o procedemento de solicitude, concesión e xustificación para a promoción da actividade artística.

Establecen estas bases o seguinte obxecto:

Primeira. Obxecto, finalidade e principios de xestión

1. Esta resolución, no desenvolvemento das funcións e obxectivos encomendados e previstos na Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e dentro das súas competencias ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras das subvencións destinadas a cofinanciar programacións culturais realizadas por entidades locais polas que discorren os diferentes camiños de Santiago para contribuír á promoción das artes escénicas e musicais, e aprobar a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento CT302B).

2. Estas axudas teñen como finalidade o fomento das artes escénicas e musicais de carácter profesional, en particular de teatro, música, danza, novo circo e maxia, nos concellos de Galicia, sendo subvencionable unha porcentaxe das contratacións que integrarán as programacións e que serán desenvolvidas nas datas comprendidas entre o 15 de xuño ao 31 de agosto de 2023.

3. As programacións incluídas nesta convocatoria deberán conter como mínimo dúas contratacións de teatro, danza, música, novo circo ou maxia cun orzamento superior a 5.000 euros (IVE incluído) nos concellos de menos de 20.000 habitantes e de 8.750 euros (IVE incluído) nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

SEGUNDO: A proposta de programación e orzamento

A programación prevista ao abeiro desta resolución é a que segue:

DATA	GRUPO	ORZAMENTO*	
15/06/2023	OPERA BREAKS	3.025,00€.-	
18/06/2023	CIRKOMPACTO-HELL BROTHERS	1.815,00€.-	
15/08/2023	FESTICULTORES	4.416,50€.-	
TOTAL PROGRAMACIÓN PREVISTA		9.256,50€.-	
SUBVENCIÓN AGADIC		3.500,00€.-	
FINANCIACIÓN MUNICIPAL		5.756,50€.-	
*	Datos	con	IVE

A Xunta de Goberno Lcoal acorda:

Primeiro: Aprobar a solitude de subvención non competitiva segundo as bases da convocatoria e o orzamento da programación previsto.

Segundo: Facultar ao técnico de Cultura para a presentación telemática da solicitude.

PRP2023/1512

Dáse conta do escrito presentado por D. Ramón Bueno Piñeiro como coordinador do grupo de

Soberanía e Saúde de Vilagarcía, solicitando autorización para utilizar a sala de conferencias do Auditorio Municipal o día 21 de abril de 2023, a partir das 19:00 horas para realizar unha charla-coloquio sobre a Revisión do Regulamento Sanitario Internacional da OMS.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, dado que se trata dunha charla-coloquio na que o tema a tratar contempla unha revisión das recomendacións das autoridades sanitarias oficiais.

CONTRATACIÓN

PRP2023/1321

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais para aprobar o "Proxecto de limpeza da Fonte de Castrogudín":

O obxectivo que se pretende acadar coa intervención é o de preservar paulatinamente diferentes elementos etnográficos dispersos polas distintas parroquias, mediante intervencións de limpeza e mínima consolidación.

Faise mención no proxecto que o elemento está incluído no catálogo consonte a ficha 63 PHAe consecuentemente solicitouse autorización a Patrimonio. Dito organismo competente emitiu informe favorable, que consta no expediente, con certas condicións que haberá que respectar na execución dos traballos.

O proxecto foi redactado por D^a Iria López Baltar, restauradora e directora da intervención e sometido a supervisión do Arquitecto Municipal, o cal emite informe técnico FAVORABLE en data 03/04/2023.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 8.362,52 (IVE engadido).

O prazo de execución é de 13 días.

PU

TAC.PONTEV)

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o "Proxecto de Limpeza da Fonte de Castrogudín" redactado pola Restauradora e Directora D^a. Iria López Baltar (46896621-N), por importe (IVE engadido) de 8.362,52 € (IVE engadido).

PRP2023/1356

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á Liña B da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra, a cantidade de 8.362,52 € para financiar o investimento "Limpeza da fonte de Castrogudín".

PRP2023/1357

Ante o deterioro que presentan os colectores de saneamento e pluviais nun tramo da Avenida das Carolinas, os cales están destrozados e provocan atascos e filtracións de augas residuais ao río do Con.

Tras realizarse unha inspección polos servizos técnicos municipais, foi redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, o proxecto denominado "Reparación das redes de saneamento na avenida das Carolinas", que describe as obras necesarias para a substitución dun tramo das redes de saneamento na avenida das

Carolinas. Estes traballos, a xuízo do técnico redactor, de conformidade co recollido na memoria valorada de referencia, son de urxente actuación.

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado "Reparación das redes de saneamento na avenida das Carolinas", redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 48.168,97€, quedando condicionada a súa execución á dotación de crédito orzamentario.

PRP2023/1371

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos, para rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2023 relativo á solicitude de financiamento, con cargo ao Plan Concellos 2022/2023 do investimento "Mellora e Acondicionamento de Acceso ao Entorno de Trabanca Sardiñeira".

Con data 30 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno Local, aprobou o proxecto técnico denominado "Mellora e acondicionamento de acceso ao entorno de Trabanca Sardiñeira", por importe de 159.999,99€. Así mesmo acordou solicitar, da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade de 159.999,59 € co fin de financiar o investimento de referencia.

Detectado erro no citado acordo, propónse a seguinte corrección, Onde di: "2. Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade de 159.999,59 €, para financiar o investimento "Urbanización da rúa Ameixeira"; debe dicir: "Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade de 159.999,99 €, para financiar o investimento «Mellora e acondicionamento de acceso ao entorno de Trabanca Sardiñeira»"

Visto o previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas: "Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos", a Xunta de Goberno Local acorda:

Corrixir o erro detectado no acordo PRP2023/0320, de data 30 de xaneiro de 2023, no seguinte senso:

Onde di: . Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade de 159.999,59 €, para financiar o investimento "Urbanización da rúa Ameixeiras";

Debe dicir: "Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade de 159.999,99 €, para financiar o investimento «Mellora e acondicionamento de acceso ao entorno de Trabanca Sardiñeira»"

PRP2023/1376

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2022, adxudicouse á mercantil EXCAVACIONES J. CARREIRA S.L. o contrato de obras denominado "Demolición edificación Avda. da Mariña 15 (Comandancia)"; por un importe de 123.401,22 € ó que lle corresponde un IVE (21%) de 25.914,26 € o que totaliza un importe (IVE engadido) de 149.315,48€.

O contrato administrativo foi asinado con data 9 de xaneiro de 2023, cun prazo de execución da obra de 1 mes contado a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo, que foi asinada o 9 de febreiro de 2023.

Con data 8 de marzo de 2023 (registro WEB2023001589), don José Manuel Carreira Seijas, en

representación da empresa adxudicataria EXCAVACIONES J. CARREIRA S.L., solicita ampliación de prazo de execución por 3 semanas, ata o 30 de marzo de 2023, que foi autorizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 20 de marzo de 2023.

Con data 28 de marzo de 2023 (registro WEB2023002169), José Manuel Carreira Seijas, en representación da empresa adxudicataria EXCAVACIONES J. CARREIRA S.L., solicita unha segunda ampliación do prazo de execución de 4 días hábiles, ata o 5 de abril de 2023, que foi autorizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 3 de abril de 2023.

Con data 5 de abril de 2023 (registro WEB2023002389) don José Manuel Carreira Seijas, en representación da empresa adxudicataria EXCAVACIONES J. CARREIRA S.L., solicita unha nova ampliación do prazo de execución por 15 días hábiles, ata o 28 de abril, que fundamenta, de xeito literal, no seguinte:

«... Según el avance de la obra nos encontramos que es necesario realizar un procesado y valorización de material pétreo resultante de la demolición y explanación, para su reciclado y empleo en pistas o zonas de relleno municipales, y la incapacidad para el uso de dos plantas de machaqueo móviles al unísono, retrasa todo el proceso de ejecución de obra.

Por otra parte, hay que gestionar y controlar los residuos procedentes de la cubierta invertida que no estaba prevista, y en la que existían materiales peligrosos ha dificultado enormemente el avance correcto de obras.

A mayores de esto hemos tenido dificultades por el fallo de la maquinaria para el procesado del material pétreo, y queriendo dejar el solar en las condiciones que marca el proyecto, para las posteriores actuaciones que se vayan a llevar sobre el mismo, se solicita una ampliación de plazo de 15 días hábiles, fijando la misma para el próximo día 28 de abril.»

Con data 5 de abril de 2023, o director de obra, o arquitecto técnico don José Manuel Millán Armas, asina e da o visto e prace á solicitude presentada pola empresa adxudicataria, manifestando a súa conformidade coa solicitude de ampliación de prazo de 15 días hábiles, é dicir, ata o 28 de abril de 2023, motivado no exposto anteriormente.

Dáse conta de informe xurídico no que se indica:

A cláusula 5.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato indica que “O prazo contractual prorrogárase unicamente cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.”

O artigo 193.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público establece que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo. Así mesmo o art. 195.2 do mesmo texto legal indica que se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos si se lle amplía o citado prazo de execución, o órgano de contratación concederllo dándolle un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista diga un prazo menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

O artigo 100.2 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, literalmente di: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de 15 días desde aquel en o que se produza a causa orixinaria do atraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración, para os efectos de que a Administración poida oportunamente, e sempre antes da terminación do prazo de execución do contrato, resolver sobre a prórroga do mesmo, sen prexuízo de que unha vez desaparecida a causa se reaxuste o prazo prorrogado ao tempo realmente perdido.

Se a petición do contratista se formulara no último mes de execución do contrato, a

Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes ao de finalización do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolverse sobre ela”.

